

1.2. ■ ■ ■ **producción**

■ O obxectivo deste capítulo é analiza-la produción na economía galega no último ano, para o que se terán en conta os datos facilitados polo Instituto Galego de Estatística (IGE), os datos da Contabilidade Regional de España do Instituto Nacional de Estadística (INE), a Enquisa de Poboación Activa (EPA) e Eurostat.

A primeira parte do capítulo céntrase na análise dos datos da produción da economía galega presentados na *Contabilidade Trimestral de Galicia* (IGE), e reflicte que, por terceiro ano consecutivo, se produce unha ralentización do crecemento económico galego. No exercicio do 2002, o produto interior bruto a prezos de mercado (PIBpm) experimentou un crecemento, en termos reais, do 1,9%, oito décimas menos do que se rexistrara en 2001.

Esta moderación no crecemento económico trasladouse ó mercado de traballo, onde a creación de emprego se estancou, cunha medra de 0,9% (9,5 miles de ocupados máis), 1,7 puntos inferior á rexistrada en 2001. O conxunto da economía española, que presenta un crecemento da súa actividade similar ó galego, rexistra unha taxa

de creación de emprego 1,1 puntos porcentuais superior.

Posteriormente preséntanse os datos da Contabilidade Regional de España publicada polo INE, que nos permite compara-los datos da comunidade galega cos rexistrados no conxunto do Estado e no resto das comunidades autónomas. No ano 2002 a economía galega medrou un 1,9%, sendo a súa importancia relativa no total estatal do 5,36%.

Producción segundo o IGE

A economía galega experimentou ó longo do ano 2002 un crecemento medio –medido en termos de produto interior bruto a prezos de mercado– do 1,9%, oito décimas inferior ó rexistrado no ano anterior. En termos absolutos, o PIB a prezos de mercado acadou os 30.338,2 millóns de euros.

Atendendo á distribución sectorial, esta moderación no ritmo de crecemento da produción galega debeuse ó comportamento dos sectores non agrarios, que en conxunto, rexistraron

CADRO 1.2.1.

PIB galego e español 2001-02: taxas de variación ⁽¹⁾

	Galicia						España					
	2001	2002	2002				2001	2002	2002			
	(medias anuais)		I	II	III	IV	(medias anuais)		I	II	III	IV
Agricultura e pesca	0,0	0,6	3,1	2,4	0,1	-3,0	-3,1	-2,1	-0,6	-0,9	-2,6	-4,2
Enerxía	-0,3	-3,9	-5,6	-5,4	-3,6	-0,8	2,8	8,3	6,7	8,9	9,4	8,1
Industria	3,9	2,4	3,0	2,6	2,1	1,9	1,2	-0,5	-0,4	-1,0	-0,8	0,2
Construcción	4,8	3,1	3,5	3,0	2,8	3,1	5,4	4,9	4,4	4,6	5,0	5,6
Servicios	2,8	2,3	2,4	2,3	2,2	2,2	3,2	2,2	2,7	2,3	2,0	1,9
Total non agrario	3,1	2,1	2,2	2,0	1,9	2,1	3,0	2,2	2,4	2,1	2,1	2,2
Total VEB pb	2,9	2,0	2,3	2,0	1,8	1,8	2,7	2,0	2,3	2,0	1,9	1,9
Total PIB pm	2,7	1,9	2,3	2,0	1,8	1,7	2,7	2,0	2,2	2,0	1,9	1,9

(1) VEB a prezos básicos. Prezos constantes (base 1995)

Fonte: IGE, Contabilidade Trimestral de Galicia e INE, Contabilidade Nacional Trimestral de España


CADRO 1.2.2.

Poboación ocupada 2001-02: distribución segundo sectores económicos

	2001	2002	02/01
	(en miles de persoas)		(%)
Agricultura	121,4	108,9	-10,3
Pesca	36,9	29,2	-20,9
Industria	206,5	218,1	5,6
Construcción	130,3	133,4	2,4
Servicios	567,6	582,6	2,6
Total	1.062,7	1.072,2	0,9

Fonte: IGE, Enquisa de Poboación Activa

GRÁFICO 1.2.1.



unha medra de 2,1% respecto ó ano 2001, un punto menos que a experimentada no ano anterior. Pola contra, o sector primario rexistrou en 2002 unha medra do 0,6% respecto ó ano 2001, seis décimas máis que en 2001.

Esta ralentización do crecemento da economía galega trasladouse ó mercado de traballo, onde a poboación ocupada galega rexistrou unha medra do 0,9% (9,5 miles de persoas máis), 1,7 puntos porcentuais menos que en 2001. Fronte ó descenso da ocupación no sector primario nun 12,8% (20,2 miles de persoas), os sectores non agrarios considerados no seu conxunto, rexistraron unha medra do 3,3% (29,5 miles de ocupados máis).

No concernente ó **sector primario**, o seu VEB a prezos básicos a 1.732,1 millóns de euros, e representa o 6,3% do VEB galego no ano 2002. A pesares do devandito crecemento do 0,6% (seis décimas superior ó de 2001), cómpre salienta-la moderación do ritmo de crecemento ó longo dos trimestres considerados, ata acadar unha caída do 3,0% no derradeiro trimestre do ano 2002.

No ano 2002 continúa o proceso de redución do emprego agrario rexistrado nos últimos anos en Galicia (roto excepcionalmente en 2000). No último ano a poboación ocupada no sector primario rexistrou unha caída do 12,8% (20,2 miles de persoas menos), producíndose este descenso tanto no subsector agrícola, con 12,5 miles de ocupados menos (10,3%), como no subsector pesqueiro, con 7,7 miles de traballadores menos (un 20,9% menos).

O valor engadido bruto a prezos básicos xerado polo **sector industrial** ascendeu no ano 2002 a 6.321,2 millóns de euros, o que supón o 22,9% do VEB galego. Comparado co ano anterior, este sector rexistrou unha taxa de crecemento do VEB do 1,0% fronte ó 2,9% do 2001. Tal e como reflicte o **cadro 1.2.2.**, este crecemento viu acompañado por un aumento da ocupación, que acadou as 218,1 miles de persoas (5,6%, 11,6 miles de persoas máis).

Atendendo á desagregación entre o subsector enerxético e o conxunto das ramas industrias, cómpre salientar que fronte ó crecemento do

2,4% do VEB das ramas industrias, a rama enerxética experimentou unha caída do 3,9% en relación ó ano anterior. O VEB xerado polas ramas industriais e pola enerxía ascendeu a 4.938,1 miles de euros e 1.383,2 miles de euros, respectivamente, sendo o seu peso relativo no total galego, do 17,9% e 5,0%, respectivamente.

Ó longo do ano 2002 a poboación ocupada no conxunto das ramas industrias medrou un 6,3% (12,7 miles de persoas máis), mentres que no subsector enerxético experimenta unha caída da ocupación do 17,2% (1,1 miles de ocupados menos). En termos absolutos, un total de 212,8 miles de persoas están ocupadas nas distintas ramas industrias, mentres que a ocupación nas actividades de “Producción, transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga” foi de 5,3 miles de persoas.

A moderación no crecemento da produción do sector industrial tamén queda reflectida polo Índice de Producción Industrial de Galicia, que é o principal indicador da actividade industrial. O **cadro C.3.2.** (*Índice de Producción Industrial de Galicia 2000-02*) reflicte que, ó longo do ano 2002, o índice xeral rexistrou un crecemento medio anual do 2,7% fronte ó 6,3% do ano anterior. A rama de actividade “enerxía e auga” experimentou unha caída do 9,3%, mentres que o índice de produción industrial sen a súa compoñente enerxética rexistrou unha medra do 6,9%.

Atendendo á súa clasificación segundo destino económico dos bens, o devandito **cadro C.3.2.** reflicte para o caso dos bens de consumo e bens de equipamento, un crecemento medio anual do 15% e 14,0%, respectivamente, namentres que o índice de produción industrial no caso dos bens intermedios cae un 5,3% respecto ó ano 2001.

A **construción** segue a se-lo sector económico que rexistra un maior crecemento. Ó longo do ano 2002, este sector rexistrou unha medra media do 3,1% (4,8% en 2001), acadando os 3.153,8 millóns de euros, o que representa o 11,4% do VEB xerado polo conxunto da economía galega. A ocupación rexistrou unha medra do 2,4% respecto ó ano anterior para situarse nos 133,4 miles de persoas.

VEB ⁽¹⁾ das CC.AA. 2002: taxas de variación interanuais

	Total	Agricultura, gand. e pesca	Enerxía	Industria	Construcción	Servicios
	(%)					
Andalucía	2,27	-5,65	-0,74	10,00	7,21	3,22
Aragón	1,66	-3,36	-0,63	8,07	5,91	2,60
Asturias	1,63	-7,53	0,54	7,31	4,56	1,58
Baleares	0,87	1,37	-0,34	7,14	3,94	0,73
Canarias	1,88	1,09	0,34	7,66	3,96	1,86
Cantabria	1,87	-5,08	-1,20	7,63	4,98	3,01
Castela e León	2,31	-1,41	-0,40	7,47	4,36	3,28
Castela-A Mancha	2,12	1,26	-0,42	7,88	3,17	2,88
Cataluña	1,95	0,00	-0,34	9,02	3,39	2,96
C. Valenciana	1,96	1,22	-1,41	8,74	5,55	2,84
Extremadura	2,16	1,47	-0,26	7,26	4,65	2,11
Galicia	1,89	0,44	0,52	7,77	3,73	2,01
Madrid	2,00	0,71	-0,89	6,77	5,17	2,44
Murcia	2,81	1,59	1,51	10,55	4,18	3,10
Navarra	2,78	1,26	1,24	8,79	3,49	4,08
País Vasco	1,66	-10,72	-0,95	9,64	5,44	2,81
A Rioxa	1,79	-1,88	0,37	8,13	5,00	2,95
Ceuta e Melilla	2,30	-7,99	-0,31	7,14	5,07	2,45
Total	2,00	-2,08	-0,50	8,27	4,90	2,69

(1) VEB a prezos básicos (prezos constantes)
Fonte: INE, Contabilidad Regional de España

A licitación oficial de tódalas administracións en 2002 medrou a un ritmo de 26,0% fronte ó 32% rexistrado no ano anterior. Esta medra centrouse na rama de obra civil, que rexistrou un crecemento do 53% respecto a 2001, fronte á caída da rama de edificación, que descendeu un 14,4%.

A licitación oficial da administración autonómica medrou un 14,9% respecto a 2001, producíndose, ó igual que no conxunto das administracións públicas, esta medra tan só no caso da obra civil, que rexistra un crecemento do 31,8%. Na rama edificación, a licitación pública cae un 2,6% respecto ó ano anterior.

Respecto ó consumo de cemento, ó longo do ano 2002 consumíronse en Galicia un total de 2.763.091 toneladas, o que representa o 6,3% do total consumido en España. Comparado cos datos rexistrados no ano anterior, o consumo de cemento medrou un 1,6% en Galicia fronte a un crecemento do 4,7% no conxunto do Estado.

O VEB xerado polo **sector servicios** experimentou en 2002 unha medra do 2,3% (cinco décimas inferior á de 2001), situándose nos 16.346,4 millóns de euros (o 59,3% da produción galega). Atendendo á desagregación entre servicios de mercado e servicios non de mercado, os primei-

ros representan o 45,1% do VEB galego, e os segundos o 14,2% da produción total.

A poboación ocupada no sector servicios foi de 582,6 miles de persoas, un 2,6% máis que no ano 2001. En termos absolutos, entre os anos 2001 e 2002, a ocupación no sector servicios medrou en 15,0 miles de persoas.

Producción segundo o INE

A **Contabilidad Regional de España** indica que o valor engadido bruto a prezos básicos, prezos constantes, (base 1995) ascendeu en Galicia no ano 2002 a 27.095,1 millóns de euros, o que representa o 5,4% do VEB xerado no conxunto do Estado. Comparado co ano anterior, o **cadro C.1.3.** (*Valor Engadido Bruto a prezos básicos das CC.AA. 2002: distribución segundo ramas de actividade*) reflicte que o VEB medrou en Galicia un 1,9%, unha décima inferior ó rexistrado en España (2,0%).

Atendendo á desagregación sectorial, hai que salientar por unha banda, que os sectores servicios e industrial (sen industria) son os máis importantes en canto á súa contribución ó VEB galego, co 63,7% e o 16,4% do mesmo, respectivamente. Ámbolos dous presentan unha importancia relativa inferior á que rexistran estes secto-

res no total estatal, co 68,9% e o 18,6% do VEB estatal, respectivamente. Por outra banda, o peso relativo dos outros sectores na economía galega é superior ó que presentan na economía española. Así, a construción aporta o 9,8% do VEB galego fronte o 8,7% no caso do Estado, e o sector primario e a enerxía aportan o 7,3% do VEB galego fronte ó 4,0% e ó 4,3%, respectivamente, no conxunto da economía española.

No que á súa contribución á economía española se refire, a achega da economía galega ó total do VEB xerado no conxunto do Estado, o devandito **cadro C.1.3.** amosa que Galicia aporta o 5,36% do total do VEB español (prezos constantes), sendo a sétima comunidade con maior contribución tras Cataluña, Madrid, Andalucía, a C. Valenciana, País Vasco e Castela e León. Pola contra, se esta comparación se fai atendendo ó índice PIB/habitante (acada os 10.841,73 euros por habitante en Galicia) a nosa comunidade estaría por diante de Andalucía, Castela A Mancha, Extremadura e Murcia, ademais de Ceuta e Melilla.

No que ás diferentes ramas de actividade se refire, as máis importantes pola súa contribución relativa ó total estatal son as ramas correspondentes ó sector primario e as enerxéticas, que aportan o 9,6% e o 9,2% do total xerado nas mesmas. O sector da construción galego aporta o 6,0% do VEB do sector, mentres que a achega dos sectores servicios e industrial foi do 5,0% e o 4,7%, respectivamente. ■

